

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de abril de 2022**

Ás 17.00 horas do día 20 de abril de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. Plácido Álvarez Dobaño

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D. Jorge Pumar Tesouro

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

**Deputado de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa.

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventor:** D. José Mosquera Casero

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez (substituído por dona Ana Patricia Torres Madureira).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE MARZO DE 2022.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de marzo de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 16 de marzo de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

## **2º.-MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (GABINETE DE ASESORÍA XURÍDICA E ASISTENCIA A MUNICIPIOS)**

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

**D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista**, entende que é unha modificación que entra dentro das potestades de autoorganización da Deputación, pero lembra que este gabinete de asesoría xurídica e asistencia a municipios debe estar moi ben dotado de persoal, para que todos os concellos da provincia poidan ser atendidos e a Deputación exerza a súa competencia en materia de asistencia.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo (Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios), co seguinte contido:

- a) Suprimir o posto, coa súa correspondente praza, de interventor - asesor no Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, coas seguintes características:

Denominación: Interventor asesor,

Categoría profesional: Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala Intervención - Tesourería. Grupo A1. Nivel 29.

Carácter: Posto non singularizado.

Forma de provisión: Concurso ordinario / unitario, segundo a normativa específica de provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional. Posto

susceptible de asignación a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional da subescala indicada en caso de cesamento en postos de libre designación.

- b) Modificar a clasificación profesional dos seguintes postos do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios que quedarán como segue:

- **1 Director/a do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios.**

Titulación requirida: grao en dereito ou equivalente.

Funcionario. Escala de administración especial, Subescala técnica, Clase técnico superior/ escala de administración xeral, subescala técnica. Categoría profesional: letrado/a da Deputación Provincial/técnico de administración xeral. Grupo A1. Nivel 29. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico. Observacións: posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das comunidades autónomas, doutras entidades locais ou dos seus entes públicos vinculados ou dependentes, conforme c o previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo. Formación específica: para os técnicos de administración xeral, esixirase dispoñer da titulación de grao en Dereito ou equivalente.

**1 Subdirector/a de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios.**

Titulación requirida: grao en dereito ou equivalente.

Funcionario. Escala de administración especial, subescala técnica, Clase técnico superior/ escala de administración xeral, subescala técnica. Categoría profesional: letrado/a da Deputación Provincial /técnico de administración xeral. Grupo A1. Nivel 29. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico. Observacións: posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das comunidades autónomas, doutras entidades locais ou dos seus entes públicos vinculados ou dependentes, conforme c o previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo. Formación específica: para os técnicos de administración xeral, esixirase dispoñer da titulación de grao en Dereito ou equivalente.

- **1 Asesor/a xurídico/a.**

Titulación requirida: grao en dereito ou equivalente.

Funcionario. Escala de administración especial, subescala técnica, Clase técnico superior/ escala de administración xeral, subescala técnica. Categoría profesional: letrado/a da Deputación Provincial/ técnico de administración xeral. Grupo A1. Nivel 28. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico. Observacións: posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das comunidades autónomas, doutras entidades locais ou dos seus entes públicos vinculados ou dependentes, conforme c o previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo. Formación específica: para os técnicos de administración xeral, esixirase dispoñer da titulación de grao en Dereito ou equivalente.

- **1 Letrado/a – asesor/a xurídico.**

Funcionario. Escala de administración especial, subescala técnica, Clase técnico superior/ escala de administración xeral, subescala técnica. Categoría profesional: letrado/a da Deputación Provincial/ técnico de administración xeral. Grupo A1. Nivel 26. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario. Observacións: posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das comunidades autónomas, doutras entidades locais ou dos seus entes públicos vinculados ou dependentes, conforme c o previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo.

2º) Someter a modificación inicialmente aprobada ao trámite de información pública por termo de vinte días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas, que serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

**3º.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN RELATIVA AO PERSOAL EVENTUAL.**

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

**D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista**, indica que non ten ningunha obxección que facer á diminución das retribucións que se formulan no posto de asesor técnico da presidencia en política físico deportiva, para así harmonizar estas retribucións coas do resto do persoal eventual. Non obstante, si quere preguntar por que se eleva o nivel, e polo tanto as retribucións, do posto de asesor de proxectos estratéxicos, xa que non consta ningunha xustificación.

O **presidente da comisión** contesta que se trata dunha proposta de autoorganización do grupo de goberno e que con isto se consegue un aforro económico significativo.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

**1º) Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial, no seguinte sentido:**

*Na Área de Presidencia, modifícase a determinación 2ª no relativo ao persoal eventual,*

*Modifícanse os seguintes postos de traballo, de:*

*2º) Gabinete de Presidencia:*

*1 Asesor/a técnico/a da Presidencia. Persoal eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 27. Retribución bruta anual: 70.376,14 euros. Posto singularizado. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

*1 Asesor/a de proxectos estratéxicos da Presidencia, Persoal eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 25. Retribución bruta anual: 43.005,91 euros. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

*Que pasan a ser:*

*2º) Gabinete de Presidencia:*

*1 Asesor/a técnico/a da Presidencia en política físico-deportiva e recreativa. Persoal eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 25. Retribución bruta anual: 43.005,91 euros. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

*1 Asesor/a de proxectos estratéxicos da Presidencia, Persoal eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 26. Retribución bruta anual: 48.497,82 euros. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, durante o que os interesados poderán formular reclamacións, que serán expresamente resoltas polo Pleno.

En caso de non formularse reclamacións, entenderase, de forma automática, definitivamente adoptado o acordo ata entón inicial, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor.

#### **4º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRAL PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓN NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS**

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, expón con detalle o contido da moción.

**D.ª Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita**, manifesta a súa reserva de voto, xa que entende que pode coincidir nalgúns puntos da proposta, pero prefíre facer un estudo detallado da moción.

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista**, sinala igualmente que en moitos aspectos o seu grupo podería estar de acordo, se ben hai outros nos que o acordo será máis difícil, polo que de momento reservan o voto para o día do Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega (a excepción galega de igual xeito que hai a Ibérica, e que existen xa tarifas específicas en Euskadi), medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estable que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición aos cortes das subministracións básicas de forma permanente (sempre que sexa por causas económicas e con control dos servizos sociais).

2º.- Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.

3º.- Demandar do goberno central o incremento das pensións e dos salarios máis baixos ata o 60% do soldo medio actual.

4º.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galicia a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.

5º.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galicia a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro, evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustibles.

6º.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galicia a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se redistribúa a riqueza.

7º.- Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galicia a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.

8º.- Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas, poñendo a disposición da Xunta ás 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.

9º.- Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

10º.- Demandar da Xunta de Galicia o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme co IPC e aprobar sen máis dilación o plan de choque contra a pobreza en familiar monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

### **5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE UN PLAN DE MEDIDAS PARA FACERLLE FRONTE Á SITUACIÓN DE EMERXENCIA DERIVADA DA INVASIÓN DE UCRAÍNA**

**D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista,** expón o contido da moción.

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita**, manifesta a reserva de voto para o Pleno.

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, respecto da proposta do Grupo Socialista, sinala que é complicado pedir por un lado máis gasto social e por outro lado unha baixada de impostos, como se fai co tramo autonómico do IRPF na moción. Engade que a liña de plan enerxético de 1 millón de euros que figura na moción vai resultar moi escasa para axudas a todos os concellos da provincia, xa que o prezo da enerxía se triplicou. Di que nesta crise humanitaria teñen que ser principalmente o Estado e a Xunta quen se faga cargo dos gastos e das axudas, en prexuízo de que os concellos sexan solidarios, pero que estes teñen xa demasiadas fronteiras abertas. Por último sinala que no punto terceiro da moción, relativo a instar ao goberno de España, se podería facer máis demandas.

O **presidente da comisión** manifesta que reservan o voto para o Pleno.

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista**, a raíz do comentario sobre as competencias dos concellos para recadar, di que o día 31 de marzo a Xunta de Galicia retirou o persoal de limpeza dos institutos e que os concellos, a día de hoxe, seguen asumindo os gastos de limpeza nos centros educativos de primaria.

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Deputación de Ourense a poñer en marcha as seguintes medidas, para facerlle fronte á situación de emerxencia derivada da invasión de Ucraína:

- Aprobación dun plan enerxético dotado con 1 millón de euros, para crear un sistema de axudas a concellos ourensáns co fin de afrontar os desaxustes económicos que sofren ou sufrirán polo encarecemento da enerxía.
- Creación dunha liña de axudas directas para o sector primario e do transporte, obrigado a facerlle fronte a un maior gasto económico relacionado co abrupto encarecemento da enerxía, o combustible e determinadas materias primas, dotado inicialmente don 2 millóns de euros, pero que podería ser ampliado en caso de necesidade.
- Habilitar unha partida económica que permita actualizar os prezos das obras en execución ou licitación da propia institución provincial ou dos concellos de Ourense,

para compensar así a subida de prezos debido á situación de encarecemento das materias primas e combustibles.

- Establecemento dun sistema de coordinación e colaboración dos labores de axuda ofrecida polas entidades locais da provincia á poboación de Ucraína.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha as seguintes medidas, para facerlle fronte á situación de emerxencia derivada da invasión de Ucraína:

- Aprobar un plan social de axudas ás familias máis vulnerables, que permita triplicar o financiamento do bono social eléctrico.
- Reformulación da tarxeta básica para incorporar a persoas refuxiadas.
- Plan autonómico de axudas directas aos autónomos e profesionais, co fin de compensar o aumento dos custos do transporte.
- Redución no tramo autonómico do IRPF.
- Habilitar un fondo de avais e de liquidez que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína.
- Rebaixa real nas taxas da ITV.
- Impulso lexislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os proxectos estratéxicos dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética.
- Aprobar a habilitación legal correspondente, en aplicación do decreto do 30 de marzo de 2022, para que as entidades locais da provincia de Ourense poidan habilitar unha partida co fin de actualizar os prezos das obras en execución ou licitación, compensando así a subida de prezos debido á situación de encarecemento das materias primas e combustibles.

3º.- Instar ao Goberno de España a adoptar as seguintes medidas, para facerlle fronte á situación de emerxencia derivada da invasión de Ucraína:

- Aprobar, da man da Unión Europea, un cambio na regulación do mercado eléctrico para toda a península ibérica, que faga posible desvincular o prezo da enerxía eléctrica dos prezos do gas, facendo posible unha rebaixa significativa do custo final.
- Rebaixar a imposición sobre hidrocarburos.

**6º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Bernardo Varela López, do BNG,** realiza dous rogos.

O primeiro relativo ao expediente de modificación de créditos que se tratará por vía de urxencia na seguinte comisión, e rógalle ao grupo de goberno que non utilice esta vía para a tramitación dun expediente tan importante, xa que supón en torno a un 25% do orzamento provincial. Engade que esta non é a forma de proceder na tramitación. Roga que no sucesivo se tramita pola vía ordinaria.

O segundo rogo é relativo ás dúas licitacións que ten abertas a Deputación. A primeira relativa á contratación audiovisual na que o adxudicatario é unha empresa na que participa Javier Negre, periodista que no seu momento foi acusado de inventarse unha entrevista, polo que non parece a persoa idónea para defender as actividades da Deputación. A segunda licitación é a relativa ao servizo de axencia de información, e pide que, como non foi posible acceder a este expediente a través da plataforma, se lle facilite o acceso.

O **presidente da comisión** dá conta da instrución que asinou na mañá de hoxe relativa á recomendación do servizo de Saúde Laboral de manter o uso da *mascarilla* nas instalacións da Deputación.

**D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista**, pregunta se a sesión plenaria deste mes se vai recuperar a súa forma normal.

O **presidente da comisión** contesta que o previsible a día de hoxe é que se realice no formato normal e con público.

E, ás 17.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

.